

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN**

ORDE do 30 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de incentivos ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT), e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento TR340E).

Mediante o Decreto 289/1997, do 9 de outubro, esta comunidade autónoma asumiu as funcións e servizos transferidos pola Administración do Estado relativos á xestión realizada polo Instituto Nacional de Emprego no ámbito do traballo, o emprego e a formación e, a través do Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia; do Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia, e do Decreto 147/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, esta consellería asume o exercicio das competencias e funcións, entre outras materias, no relativo ás políticas activas de emprego.

Corresponde, pois, á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, para o exercicio orzamentario 2026, a xestión das subvencións e axudas públicas das políticas activas de emprego, entre as que están as medidas dirixidas, por unha banda, a fomentar a creación de emprego de calidade e, por outra, a incrementar a empregabilidade das persoas desempregadas, mellorando as condicións do mercado de traballo, no marco da Estratexia europea para o emprego, do Programa nacional de reformas, do respectivo Plan anual de fomento do emprego digno (PAFED), e no eido da colaboración institucional e o diálogo social entre o Goberno galego e os axentes económicos e sociais de Galicia.

O programa de apoio ás iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT) pretende dinamizar a vocación emprendedora da comunidade universitaria e aproveitar o potencial empresarial das persoas dedicadas á investigación e das persoas con amplos coñecementos das novas tecnoloxías, así como impulsar a transformación do coñecemento creado nas universidades e nos centros de investigación en proxectos xeradores de riqueza e de emprego.

A Estratexia de especialización intelixente (RIS3) de Galicia 2021-2027 define o marco das políticas de investigación e innovación na Comunidade Autónoma para este período. Como instrumento de planificación operativa para a súa implementación entre 2025 e 2027, a Xunta de Galicia desenvolveu o Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.



Esta convocatoria enmárcase dentro da RIS3 de Galicia 2021-2027, aliñándose cos tres retos e coas tres prioridades. Así mesmo, contribúe ao obxectivo estratéxico 2, integrándose no programa Innova e emprende da RIS3 e no programa Innovación e emprendemento do Plan galego de investigación e innovación 2025-2027.

A estrutura normativa do programa das IEBT desenvólvese no Decreto 56/2007, do 15 de marzo (DOG núm. 65, do 2 de abril), polo que se establece un programa de apoio ás iniciativas de emprego de base tecnolóxica e se regulan os instrumentos e mecanismos de apoio e de avaliación técnica, así como os requisitos e condicións que deben reunir os proxectos e o procedemento para a súa cualificación e inscrición no rexistro de IEBT.

Na presente orde fíxanse as bases reguladoras do programa de incentivos ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica establecéndose un procedemento de concesión que non ten a consideración de concorrencia competitiva dado que, de acordo coa finalidade e o obxecto do programa regulado polo citado Decreto 56/2007, en que se establece un programa de apoio e se regula a cualificación de empresas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT) a través dun procedemento que require, entre outros, a análise da viabilidade dos proxectos empresariais, non resulta necesario realizar, nun único procedemento, a comparación e prelación das solicitudes presentadas, senón que a concesión das axudas se realiza pola comprobación da concorrencia na empresa, previamente cualificada como IEBT, dos requisitos establecidos e ata o esgotamento do crédito orzamentario.

A presente orde tramítase ao abeiro do disposto no artigo 1.1 da Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expediente de gasto, na redacción dada pola Orde do 27 de novembro de 2000, modificada pola Orde do 25 de outubro de 2001, e o artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo que queda a concesión das subvencións sometida á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución.

Así mesmo, esta orde tramítase de conformidade co establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro; no proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 17 de outubro de 2025; no que resulte de aplicación a Lei 38/2003, do 17

CVE-DOG: gp5ivdn9-bb80-xsi1-o2q4-s43xji0e5d52



de novembro, xeral de subvencións, e no seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e na Lei 3/2023, do 28 de febreiro, de emprego.

Consecuentemente con todo o anterior, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, logo do informe da Dirección Xeral de promoción da Igualdade, da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio, da Asesoría Xurídica e a Intervención Delegada, e no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Artigo 1. *Obxecto e finalidade*

1. Esta orde ten por obxecto fixar as bases reguladoras e proceder á convocatoria para o ano 2026 dos incentivos ás empresas previamente cualificadas e inscritas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica, coa finalidade de impulsar a creación de novas iniciativas empresariais de base tecnolóxica na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. As axudas destínanse a sufragar as accións e gastos establecidos en cada modalidade, que se produzan e realicen entre o 1 de outubro de 2025 e o 30 de setembro de 2026, dentro do período dun ano desde o inicio da actividade da empresa, coas particularidades que se establezan nesta orde para cada modalidade de axuda.

Artigo 2. *Marco normativo*

As solicitudes, tramitación e concesión das subvencións axustaranse ao disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; na Lei 9/2007, do 13 xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro; no proxecto de Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 17 de outubro de 2025; no que resulte de aplicación, a Lei 38/2003, do 27 de novembro, xeral de subvencións, e o seu Regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e ao disposto nesta orde.



Estas axudas quedan sometidas ao réxime *de minimis*, segundo o sector ao que pertencen as persoas empregadoras e empresas beneficiarias e o ámbito da súa actividade, nos termos establecidos no Regulamento (UE) nº 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE 15.12.2023, L2023/81820); no Regulamento (UE) nº 1408/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector agrícola (DOUE 24.12.2013, L352/9), e no Regulamento (UE) nº 717/2014 da Comisión, do 27 de xuño de 2014, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector da pesca e da acuicultura (DOUE 28.6.2014, L190/45).

Artigo 3. *Principios de xestión*

A xestión deste programa realizarase de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.
- c) Eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

Artigo 4. *Orzamentos*

1. A concesión das subvencións previstas nesta orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario e realizarase con cargo á seguinte aplicación orzamentaria: 14.02.322C 470.5, código de proxecto 2016 00317, cun crédito de 500.000 euros.

Estas contías están recollidas no proxecto de Lei de orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2026, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 17 de outubro de 2025.

2. A presente orde tramítase ao abeiro do disposto no artigo 1.1 da Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expediente de gasto, na redacción dada pola Orde do 27 de novembro de 2000, modificada pola Orde do 25 de outubro de 2001, e o artigo 25 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións



de Galicia, polo que queda a concesión das subvencións sometida á condición suspensiva de existencia de crédito axeitado e suficiente no momento da resolución e, así mesmo, todos os actos ditados no expediente se entenden condicionados a que, unha vez aprobado o orzamento, subsistan as mesmas circunstancias de feito e de dereito existentes no momento en que se produciron.

3. De ser o caso, e de acordo co disposto no artigo 31.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, publicarase mediante resolución da persoa titular da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais o esgotamento da partida orzamentaria asignada.

4. O dito crédito poderá ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego, coas limitacións que estableza a Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais.

5. Poderase ampliar a contía máxima do crédito dispoñible para esta convocatoria. O incremento do crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito, da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, e dunha transferencia de crédito, ao tratarse dunha convocatoria de concorrência non competitiva, de acordo co establecido no artigo 31.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 30.2 do seu regulamento de desenvolvemento.

Artigo 5. *Definicións*

Para os efectos deste programa entenderase por:

a) Persoa desempregada: aquela que figure inscrita como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia e que, pola súa vez, careza de ocupación segundo o informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social e, se é o caso, segundo certificado da mutualidade do colexio profesional na data de alta no correspondente réxime da Seguridade Social ou mutualidade de colexio profesional.

Considérase persoa inscrita aquela que figure como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia con anterioridade ou no mesmo día da contratación que se subvenciona.

CVE-DOG: gp5ivdn9-bb80-xsi1-o2q4-s43xji0e5d52



Considérase persoa que carece de ocupación aquela que non estea en situación de alta no día anterior á contratación que se subvenciona, segundo o informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social e, se é o caso, segundo certificado da mutualidade do colexio profesional. Se o día anterior á contratación que se subvenciona coincide coa data de baixa da persoa traballadora que se contrata, considerase que non carece de ocupación.

Non obstante, non se requirirá a inscrición no Servizo Público de Emprego de Galicia no caso de persoas que se atopen nalgún dos casos recollidos no artigo 4.1.a) do Real decreto lei 1/2023, do 10 de xaneiro, de medidas urxentes en materia de incentivos á contratación laboral e mellora da protección social das persoas artistas.

b) Empregos subvencionables: os postos de traballo creados con carácter estable e que sexan ocupados por persoas desempregadas, incluídos os das persoas promotoras.

c) Persoas promotoras socias: aquelas que figuren como tales na escritura de constitución ou das súas modificacións durante o período subvencionable.

d) Constitución da empresa: entenderase que unha empresa está constituída desde o momento da súa inscrición no correspondente Rexistro Mercantil ou, se é o caso, no Rexistro de Cooperativas. No caso de empresaria ou empresario individual, cando cause alta definitiva no censo de obrigados tributarios do Ministerio de Facenda.

e) Inicio de actividade empresarial: entenderase que unha empresa inicia á súa actividade produtiva desde a data de alta no imposto de actividades económicas ou, de ser o caso, a data de alta no censo de obrigados tributarios do Ministerio de Facenda.

f) Persoa con discapacidade: aquela que teña recoñecida, pola Administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33 %.

Segundo o artigo 4.2 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, modificado pola Lei 3/2023, do 28 de febreiro, de emprego, tamén se considera que presentan unha discapacidade de grao igual ou superior ao 33 % as persoas pensionistas da Seguridade Social que teñan recoñecida unha pensión de incapacidade permanente no grao total, absoluta ou gran invalidez e as persoas pensionistas de clases pasivas que teñan recoñecida unha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.



A comprobación da condición de persoa con discapacidade ou dependencia realizaraa directamente o órgano xestor das axudas; no caso de oposición da persoa interesada ou de que a discapacidade ou a dependencia fose recoñecida por outra Administración distinta da propia da Comunidade Autónoma de Galicia, deberá presentar a documentación acreditativa da discapacidade ou da dependencia.

g) Concello rural: aquel que non conta con ningunha zona densamente poboada a nivel de parroquia (ZDP) segundo a clasificación publicada polo Instituto Galego de Estatística (https://www.ige.eu/web/mostrar_paxina.jsp?paxina=003003001&idioma=gl). Para estes efectos, considéranse concellos rurais todos os concellos galegos agás os seguintes: Cambre, A Coruña, Culleredo, Ferrol, Narón, Oleiros, Santiago de Compostela, Lugo, Barbadás, Ourense, Poio, Pontevedra, Vigo.

h) Persoas en situación ou risco de exclusión social: as persoas perceptoras da renda de inclusión social de Galicia ou membros da súa unidade de convivencia ou as persoas que teñan o certificado emitido polos servizos sociais acreditativo da dita situación social, por concorrer algún dos factores de exclusión social recollidos no artigo 3 da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia.

Equiparanse ás persoas perceptoras da renda de inclusión social de Galicia as persoas perceptoras do ingreso mínimo vital.

i) Persoa desempregada de longa duración: aquela que figure inscrita como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia e que na data da súa contratación por conta allea estea sen traballo e acredite un período de inscrición como desempregada no Servizo Público de Emprego de Galicia de, polo menos, doce meses durante os dezoito meses anteriores á súa contratación. Este período de doce meses non ten que ser ininterrompido.

j) Persoa emigrante retornada: de acordo co establecido nos artigos 53 e 54 da Lei 7/2013, do 13 de xuño, da galegitude, terán a condición de persoa galega retornada as persoas galegas e nadas en Galicia que, residindo fóra de España, retornen á Comunidade Autónoma galega. Para os efectos previstos nesa lei, asímílanse a persoas galegas retornadas as persoas cónxuxes ou persoas con unión análoga á conxugal e os fillos e fillas das persoas galegas e nadas en Galicia con residencia no estranxeiro que, residindo fóra de España, se establezan na Comunidade Autónoma de Galicia.



Os requisitos, con carácter xeral, para adquirir a condición de persoa galega retornada son os seguintes:

- 1) Ser persoa galega nacida en Galicia.
- 2) Acreditar ou ter relación filial, conxugal ou análoga á conxugal.
- 3) Estar en posesión da nacionalidade española e estar vinculada a un concello galego no padrón de residentes no exterior antes do retorno.
- 4) Estar empadroadada nun municipio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para adquirir esta condición de persoa emigrante retornada non deben transcorrer máis de dous anos entre a data do seu retorno a España e a data de presentación da solicitude de axuda ao abeiro desta orde.

k) Persoa estranxeira: aquela que careza de nacionalidade española e estea en posesión de autorización ou permiso de residencia e traballo en España.

l) Persoa trans: persoa cuxa identidade sexual non se corresponde co sexo asignado ao nacer.

m) Persoa moza: aquela que teña menos de 30 anos, no momento do inicio da súa relación laboral.

n) Persoa maior: terán a condición de maiores, para os efectos desta orde, as persoas de setenta ou máis anos no momento da solicitude. Este requisito de idade non aplica ás persoas que acrediten a dependencia nos seus diferentes graos.

Artigo 6. *Persoas e entidades beneficiarias*

1. Poderán ser persoas ou entidades beneficiarias dos incentivos previstos nesta orde as empresas privadas, incluídas as persoas autónomas, con domicilio social, fiscal e centro de traballo na Comunidade Autónoma de Galicia que se constitúan e inicien a súa actividade nun prazo non superior a un ano desde que o proxecto empresarial foi cualificado como IEBT sempre que a maioría da titularidade da empresa corresponda ás persoas físicas promotoras do proxecto empresarial cualificado como IEBT e se cumpran os requisitos e condicións establecidos nesta orde para cada modalidade de axuda.

CVE-DOG: gp5ivdn9-bb80-xsi1-o2q4-s43xji0e5d52



2. Para poder acceder ás distintas modalidades de axudas desta orde deberase crear emprego estable para persoas desempregadas.

3. Non poderán obter a condición de persoas ou entidades beneficiarias das subvencións establecidas nesta orde aquelas en que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Non poderán obter a condición de persoas ou entidades beneficiarias das subvencións reguladas nesta orde as persoas empregadoras ou empresas que incumplan os prazos de pagamento previstos na Lei 3/2004, do 31 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, para subvencións de importe superior a 30.000 euros, cando os solicitantes sexan unicamente suxeitos incluídos no ámbito de aplicación da citada Lei 3/2004.

Esta circunstancia acreditarase no momento da solicitude mediante declaración responsable da persoa solicitante, sen prexuízo de que as sociedades que, de acordo coa normativa contable, non poidan presentar conta de perdas e ganancias abreviada deberán acreditar o cumprimento dos prazos legais de pagamento mediante certificación, emitida por unha auditora inscrita no Rexistro Oficial de Auditores de Contas.

5. Tampouco poderán obter a condición de persoas ou entidades beneficiarias as solicitantes que estean excluídas do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme o establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto.

Artigo 7. *Accións subvencionables*

As empresas cualificadas como IEBT poderán solicitar as seguintes modalidades de axudas, dentro do primeiro ano de actividade:

- a) Subvención á creación directa de emprego estable.
- b) Axuda para o inicio e posta en marcha da actividade.
- c) Subvención para a conciliación da vida persoal, laboral e familiar das persoas promotoras.
- d) Apoio á función xerencial.



Artigo 8. Subvención á creación directa de emprego estable

1. Os postos de traballo estables de carácter indefinido, incluídos os das propias persoas promotoras, creados nun centro de traballo da Comunidade Autónoma de Galicia antes de transcorrer un ano desde a data de inicio da actividade e que sexan ocupados por persoas desempregadas, incentivarase cada un deles cunha contía base de 6.000 euros.

2. A contía base do incentivo será de 8.000 € por cada posto de traballo estable de carácter indefinido creado, cando a persoa desempregada se atope nalgún dos seguintes colectivos, que non serán acumulables:

- a) Mulleres.
- b) Persoas mozas.
- c) Persoas de 52 ou máis anos.
- d) Persoas desempregadas de longa duración.
- e) Persoas con discapacidade.
- f) Persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras.
- g) Persoas que se atopen en situación ou risco de exclusión social.

3. Os postos de traballo estables incentivaranse cunha contía base de 10.000 euros cando se trate de persoas tituladas universitarias desempregadas.

4. A contía base será de 12.000 euros se son persoas desempregadas que posúan o título de doutor ou doutora.

5. As contías base poderán incrementarse nas porcentaxes que se sinalan a continuación, que son acumulables entre si:

- a) Un 25 % se a persoa incorporada é unha muller, salvo que opten polo colectivo de muller sinalado na epígrafe 2.a).
- b) Un 25 % no caso de que o centro de traballo (ou domicilio fiscal, no caso de carecer deste) estea situado nun concello rural.



c) Un 25 % no suposto de persoas maiores de 45 anos, salvo que opten polo colectivo de persoas maiores de 52 anos sinalado na epígrafe 2.c).

d) Un 25 % se a persoa incorporada ten a condición de emigrante retornada ou persoa estranxeira, salvo que opten polo colectivo específico sinalado no epígrafe 2.f).

e) Un 25 % se a persoa incorporada é trans.

No suposto de ter dereito a un ou varios incrementos, aplicaranse os indicados na solicitude, salvo que da documentación achegada quede acreditada a aplicación dalgún incremento superior.

6. No caso de que a IEBT estea constituída baixo a forma xurídica de cooperativa ou sociedade laboral, a axuda resultante nesta modalidade incrementarase nun 25 %.

7. Cando a dedicación sexa a tempo parcial, as contías destes incentivos serán proporcionais ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, na súa falta, da xornada ordinaria legal.

8. É requisito para poder ser beneficiaria desta subvención que o cadro de persoal, no mes en que se proceda á primeira contratación por conta allea estea constituído, como mínimo, nun 25 % por persoas con titulación universitaria.

9. Nos postos de traballo creados e polos cales se solicite subvención, deberá existir correspondencia entre a categoría da titulación académica que posúa a persoa contratada e a categoría profesional pola que se contrata.

10. Cando a contratación inicial se realice a tempo parcial e se transforme a tempo completo, a empresa poderá solicitar a diferenza entre a contía que se percibiu inicialmente e a que corresponde por dedicación a tempo completo, sempre que a dita modificación se produza dentro do primeiro ano de actividade e durante o período subvencionable.

11. Serán subvencionables os postos de traballo estables creados entre o 1 de outubro de 2025 e o 30 de setembro de 2026 dentro do primeiro ano de actividade da empresa, sempre que permaneza vixente a contratación no momento da súa solicitude.

Artigo 9. *Axuda para o inicio e posta en marcha da actividade*

1. Esta modalidade de axuda financiará parcialmente os gastos necesarios para o inicio e a posta en marcha da actividade. O importe máximo desta axuda determinarase en



atención ao número de postos de traballo estables creados e subvencionados durante o primeiro ano de actividade, de acordo coa seguinte escala:

- 1 posto de traballo creado: ata 10.000 euros.
- 2 postos de traballo creados: ata 18.000 euros.
- A partir de 3 postos de traballo creados: ata 24.000 euros.

O importe da axuda non poderá superar o custo total dos gastos subvencionables.

2. Esta axuda destinarase a sufragar os gastos realizados entre o 1 de outubro de 2025 e o 30 de setembro de 2026 que se produzan antes de que transcorra un ano desde o inicio da súa actividade, e sexan efectivamente xustificadas mediante facturas e documentos bancarios acreditativos do seu pagamento con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido na resolución de concesión e, en todo caso, ata o 30 de novembro de 2026.

3. Esta axuda destinarase a sufragar os gastos nos seguintes conceptos: honorarios de notaría e rexistro, compra de mercadorías e materias primas, arrendamento do local, de maquinaria e de equipamentos informáticos, gastos do seguro do local, publicidade, páxina web, posicionamento web e subministracións, excluído o imposto sobre o valor engadido ou, de ser o caso, os impostos indirectos equivalentes cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.

A través dos gastos de publicidade subvencionados, garantirase a transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada das mulleres e dos homes e, en concreto, a utilización non sexista da linguaxe e das imaxes, especialmente no ámbito da publicidade.

Estes gastos poderán ser subvencionados sempre que as facturas estean estendidas a nome da entidade solicitante, e non sexan emitidas por algunha das persoas promotoras da empresa.

Exclúense, así mesmo, os impostos e os gastos referidos aos domicilios particulares dalgunha das persoas promotoras.

4. No caso de que a IEBT estea constituída baixo a forma xurídica de cooperativa ou sociedade laboral, a axuda resultante nesta modalidade incrementarase nun 25 %.



Artigo 10. Subvención para a conciliación da vida persoal, laboral e familiar das persoas promotoras

1. Co obxecto de favorecer a conciliación da vida persoal, laboral e familiar das persoas promotoras concederase unha subvención do 75 % do custo dos servizos de gardarías ou das persoas coidadoras, ata un máximo de 3.000 euros, para aquelas persoas promotoras que teñan fillos ou fillas menores de 12 anos.

2. Co mesmo obxecto de favorecer a conciliación da vida familiar das persoas promotoras concederase unha subvención do 75 %, ata un máximo de 3.000 €, do custo do centro ou dos servizos de coidado de persoas maiores de 70 anos e/ou dependentes (graos I, II e III) ou con un grao de discapacidade igual ou superior ao 33 %, sempre que respecto das cales acredite a súa relación de parentesco e a acreditación da convivencia no mesmo domicilio, como mínimo, durante os tres meses anteriores á data da solicitude.

3. Poderán ser beneficiarias destas axudas as persoas promotoras que creen o seu propio posto de traballo estable e polos que se obtivese a subvención establecida no artigo 8 desta orde, sexan titulares de familias monoparentais ou nas cales as dúas persoas cónxuxes realicen unha actividade laboral e estean dadas de alta no correspondente réxime da Seguridade Social ou en mutualidade de colexio profesional.

4. Serán subvencionables os gastos da gardarías e/ou das persoas coidadoras ou dos custos dos servizos en centros especializados, realizados entre o 1 de outubro de 2025 e o 30 de setembro de 2026 que se produzan antes de que transcorra un ano desde o inicio da actividade.

5. As axudas por gardarías e por coidado das persoas maiores ou dependentes e persoas con discapacidade son compatibles entre si.

Artigo 11. Apoio á función xerencial

1. Para axudar á persoa promotora ou a empresarios e empresarias na toma de decisións necesarias para o bo funcionamento da empresa poderase financiar o apoio á función xerencial. Este apoio poderá consistir nas seguintes modalidades:

a) Axuda para a formación da persoa promotora ou empresaria co fin de obter ou mellorar os seus coñecementos sobre a función xerencial.



b) Axuda pola realización externa de análises, estudos, informes ou outras formas de asesoramento sobre a actividade que realiza a IEBT, para que a persoa promotora ou empresaria poida dispoñer de mellor información sobre os bens ou servizos obxecto de produción.

2. Poderá ser obxecto desta modalidade de axuda o gasto orixinado, entre o 1 de outubro de 2025 e o 30 de setembro de 2026, e realizado no primeiro ano de actividade empresarial. Este gasto deberá ser efectivamente xustificado mediante facturas e documentos bancarios acreditativos do seu pagamento con anterioridade á finalización do período de xustificación establecido na resolución de concesión e, en todo caso, ata o 30 de novembro de 2026.

3. Non serán subvencionables, en ningunha das modalidades sinaladas no punto 1 deste artigo, as medidas de apoio prestadas polas persoas socias ou polas empresas das persoas socias da entidade solicitante da subvención.

4. A contía do incentivo para o apoio á función xerencial, será do 75 % do custo dos servizos recibidos, cun límite máximo de 5.000 euros para a axuda á formación prevista na letra a), e cun límite de 10.000 euros polo conxunto das modalidades de apoio á función xerencial previstos neste artigo.

5. No caso de que a IEBT estea constituída baixo a forma xurídica de cooperativa ou sociedade laboral, a axuda resultante nesta modalidade incrementarase nun 25 %.

Artigo 12. *Incompatibilidades e concorrencia*

1. As axudas establecidas nesta orde serán incompatibles con outras que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento de emprego. Non obstante, a axuda á creación directa de emprego estable será compatible, se é o caso, coas bonificacións ou reducións de cotizacións á Seguridade Social.

2. Así mesmo, serán incompatibles coas axudas establecidas no Programa de Promoción do emprego autónomo (código de procedemento TR341D), no Bono nova oportunidade (código de procedemento TR790A) e no Programa de fomento do emprego en cooperativas e sociedades laborais (código de procedemento TR802G), convocados pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.



3. As subvencións reguladas nesta orde son compatibles coa axuda para o acceso á condición de persoa socia traballadora dunha cooperativa de traballo asociado (TR802J).

Artigo 13. *Exclusións*

Exclúense dos beneficios establecidos nesta orde:

a) Os empregos de carácter estable realizados con persoas desempregadas que, nos 24 meses anteriores á data de alta na Seguridade Social, prestasen servizos mediante un contrato indefinido en empresas ou grupos de empresas participadas ou dirixidas polas persoas promotoras da entidade solicitante.

b) Os empregos de carácter estable das persoas promotoras que, nos tres meses inmediatamente anteriores á data de inicio da nova actividade, estivesen de alta na Seguridade Social como persoas traballadoras autónomas noutra actividade vinculada ao mesmo sector. Para estes efectos, entenderase por mesma actividade a coincidencia a nivel de tres díxitos da clasificación nacional de actividades económicas (CNAE).

c) As empresas que desenvolvan actividades empresariais que non coincidan coas do proxecto previamente cualificado como iniciativa de emprego de base tecnolóxica.

Artigo 14. *Solicitudes: forma, lugar e prazo de presentación*

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

2. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas ou entidades interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

3. Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).



4. O prazo xeral para a presentación das solicitudes das axudas establecidas nesta orde comezará ás 9.00 horas do quinto día hábil posterior ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, e rematará ás 20.00 horas do 30 de setembro de 2026.

5. A presentación da solicitudes supón a aceptación das obrigas reguladas nesta orde para ser beneficiarias da axuda, así como a aceptación da subvención, no suposto de ser persoa ou entidade beneficiaria dela.

Artigo 15. *Documentación complementaria*

1. As solicitudes deberán presentarse no formulario normalizado (anexo I) que figura como anexo desta orde, e deberán ir acompañadas da documentación, xeral e específica, que se relaciona nos puntos 2 e 3 deste artigo.

2. Documentación xeral para todas as axudas:

a) Cando se actúe mediante representación, acreditación por calquera medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna. Quedan excepciónadas da dita presentación as persoas ou entidades inscritas no Rexistro Electrónico Xeral de Apoderamentos de Galicia que garantan representación para este procedemento.

b) Escritura de constitución e inscrición no Rexistro Mercantil ou, se é o caso, no Rexistro de Cooperativas, cando se trate de persoa xurídica.

3. Documentación específica:

a) Subvención á creación directa de emprego estable:

I. Documentación acreditativa da exclusión social ou discapacidade recoñecida fóra de Galicia, da persoa traballadora contratada.

II. Documentos xustificativos do nacemento en Galicia da persoa solicitante e ademais, no caso de alegar algunha relación de parentesco coa persoa nacida en Galicia, documentación que acredite o vínculo con esta, no caso de solicitar o incremento de persoa emigrante retornada.

III. Certificado de persoa emigrante retornada, expedido polas delegacións ou subdelegacións do Goberno, baixa consular ou calquera outra documentación que acredite fide-



dignamente a residencia no exterior e a data de retorno a España, no caso de solicitar o incremento de persoa emigrante retornada.

IV. Documentación que xustifique ter obtido ante o Rexistro Civil a rectificación da mención relativa ao sexo ou ben o cambio de nome para a asignación dun diferente ao do sexo rexistrado ao nacer, no caso de solicitar o incremento por persoa trans.

V. No caso de que as persoas traballadoras se opuxesen á comprobación de datos, documentos acreditativos das condicións necesarias para que o contrato sexa subvencionable.

b) Axuda para o inicio e posta en marcha da actividade:

Facturas ou outros documentos acreditativos e, no caso de estar efectivamente pagadas, o seu correspondente xustificante bancario de pagamento ou, na súa falta, facturas *pro forma* ou orzamentos expedidos polas persoas proveedoras e acreedoras dos gastos necesarios para o inicio da actividade que se vaian ter en conta para o cálculo da contía da subvención.

c) Subvención para a conciliación da vida persoal, laboral e familiar das persoas promotoras:

I. Libro de familia ou certificado do Rexistro Civil, co nome das persoas titulares da familia e dos fillos e das fillas menores de doce anos. De ser o caso, documentos acreditativos do carácter monoparental da familia.

II. No caso de axuda por coidado de maiores de 70 anos e/ou dependencia ou discapacidade, certificación da acreditación do grao de parentesco e acreditación do empadronamento no mesmo enderezo.

III. Facturas e/ou recibos de haberes ou outros documentos acreditativos do gasto, e no caso de estar efectivamente pagadas o seu correspondente xustificante bancario de pagamento, das mensualidades xa aboadas na data da solicitude. Na súa falta, orzamentos, facturas *pro forma* ou outros documentos acreditativos do custo da mensuralidade, da gardaría e/ou do centro especializado ou da persoa coidadora que se vaian a ter en conta para o cálculo da contía da subvención.



d) Subvención ao apoio á función xerencial:

Facturas, contratos ou outros documentos acreditativos da contratación das medidas de apoio en que conste o seu importe, e o correspondente xustificante bancario do seu pagamento. Na súa falta, orzamento, factura *pro forma* ou outro documento acreditativo en que conste a previsión do custo que se terá en conta para o cálculo da subvención.

4. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán solicitados electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.

De forma excepcional, se non se poden obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á persoa interesada a súa achega.

5. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que foi realizada a emenda.

As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa, ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

6. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

Artigo 16. *Comprobación de datos*

1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

a) DNI ou NIE da persoa solicitante ou representante.



- b) NIF da entidade solicitante ou representante.
 - c) Alta no IAE.
 - d) Certificación de estar ao día das súas obrigas coa Seguridade Social.
 - e) Certificación de estar ao día das súas obrigas coa Administración Tributaria de Galicia.
 - f) Certificación de estar ao día das súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria.
 - g) Consulta de todos os códigos conta de cotización.
 - h) Consulta de axudas e subvencións *de minimis* ampliado.
 - i) Consulta de concesións ampliado.
 - j) Consulta de axudas do Estado.
 - k) Consulta inhabilitación para obter subvencións.
 - l) DNI ou NIE da persoa traballadora contratada.
 - m) Titulación universitaria da persoa traballadora contratada.
 - n) Informe de períodos de inscrición no Servizo Público de Emprego de Galicia da persoa traballadora contratada.
 - ñ) Informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social da persoa traballadora contratada.
 - o) Contrato laboral da persoa traballadora contratada.
2. Consultaranse, ademais, os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente:
- a) Certificado de discapacidade recoñecida pola Xunta de Galicia da persoa traballadora contratada.



b) Consulta de datos de residencia con data da última variación padroal da persoa traballadora contratada.

c) Certificado de prestacións sociais públicas da persoa traballadora contratada.

3. No caso de que as persoas ou entidades interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro habilitado no formulario correspondente e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

4. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

5. A persoa solicitante asinará na declaración responsable que forma parte da solicitude que dispón dos documentos asinados pola persoa ou persoas contratadas, en que autorizan ou se opoñen á comprobación dos seus datos, conforme o modelo do anexo IV. O devandito documento poderá ser requirido pola Administración pública en calquera momento.

Así mesmo, no caso de que algunha persoa contratada pola que se solicita subvención se opoña á comprobación de datos, farao constar na dita declaración responsable e, consecuentemente, presentará os documentos que os acrediten.

Artigo 17. *Emenda das solicitudes*

A sede electrónica remitirá as solicitudes recibidas á unidade administrativa encargada da instrución do expediente para que comprobe se a solicitude ou documentación presentada reúne os requisitos exixidos nesta orde e, no suposto de que se observe algún defecto ou sexa incompleta a documentación, de conformidade co disposto no artigo 20.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, requirirán a persoa interesada para que a emende no prazo máximo e improrrogable de dez días, indicándolle que, se así non o fixer, se lle terá por desistido da súa solicitude, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

CVE-DOG: gp5ivdn9-bb80-xsi1-o2q4-s43xji0e5d52



Artigo 18. *Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes*

Todos os trámites administrativos que as persoas ou entidades interesadas deban realizar tras a presentación da solicitude deberán ser efectuados electronicamente accedendo á Carpeta Cidadá da persoa ou entidade interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Artigo 19. *Competencia para instruír e resolver*

1. O órgano competente para a instrución dos expedientes será a Subdirección Xeral de Emprego da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, que realizará as actuacións necesarias para determinar o coñecemento e a comprobación dos datos en virtude dos cales se debe formular a proposta de resolución.

2. A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de axudas e subvencións previstas nesta orde corresponderalle, por delegación da persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, á persoa titular da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais.

Artigo 20. *Procedemento de concesión, instrución e tramitación*

1. O procedemento de concesión das solicitudes presentadas ao abeiro desta orde axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.

2. Entenderase que a empresa desiste da súa solicitude cando a persoa traballadora pola que se solicita subvención cause baixa na empresa solicitante en data anterior á resolución da concesión da axuda. A empresa solicitante está obrigada a comunicar esta situación ao órgano ante o que solicitou a axuda.

3. En aplicación dos principios de eficiencia na asignación e utilización dos recursos públicos establecidos na Lei de subvencións de Galicia, e sendo unha convocatoria de subvencións en concorrencia non competitiva, a orde de prelación para a resolución das solicitudes virá determinada pola data en que se presentase a documentación completa requirida nestas bases reguladoras.



Artigo 21. Resolución e recursos

1. A resolución de concesión da subvención comprenderá a identificación da persoa ou entidade beneficiaria e a contía da subvención. A resolución de concesión emitírase atendendo ás manifestacións contidas nas declaracións responsables recollidas no formulario de solicitude, subscritas pola persoa que as realiza, baixo a súa responsabilidade e coas repercusións que ten a súa falsidade reguladas na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia. O cumprimento dos requisitos exixidos serán obxecto de comprobación con posterioridade á resolución da concesión.

Na resolución de concesión informárase ás persoas beneficiarias sobre o carácter *de minimis* destas axudas, facendo unha referencia expresa e completa ao Regulamento concreto *de minimis* que sexa de aplicación, segundo o sector ao que pertenza a persoa beneficiaria e o ámbito da súa actividade: o Regulamento (UE) 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE 15.12.2023, L2023/81820), o Regulamento (UE) nº 1408/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector agrícola (DOUE 24.12.2013, L352/9), ou o Regulamento (UE) nº 717/2014 da Comisión, do 27 de xuño de 2014, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector da pesca e da acuicultura (DOUE 28.6.2014, L190/45).

2. Toda vez que os requisitos para ser persoa ou entidade beneficiaria desta axuda se deben cumprir con anterioridade á presentación da solicitude e que as obrigas asumidas pola persoa ou entidade beneficiaria se recollen na presente orde no artigo 25 non é necesaria a aceptación expresa ou tácita da resolución regulada no artigo 21.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e enténdese aceptada coa presentación da solicitude.

3. O prazo máximo para resolver e notificar é de tres meses, que se computarán desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o devandito prazo sen que se ditase resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido no artigo 23.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpor recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses



ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa e poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada. Todo o anterior de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Artigo 22. *Notificacións*

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practicaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal. Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán, de oficio, crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitadas cando transcorresen dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non é posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

CVE-DOG: gp5ivdn9-bb80-xsi1-o2q4-s43xji0e5d52



Artigo 23. *Modificación da resolución de concesión*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, estatais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión segundo o principio de proporcionalidade a que se refire o artigo 14.1.n) da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Artigo 24. *Xustificación e pagamento*

1. A determinación dos gastos subvencionables realizarase conforme o establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. Considéranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido nesta orde.

3. Considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. En todo caso, o pagamento dos gastos xustificativos das subvencións deste programa deberá terse realizado ata o 30 de novembro de 2026.

As facturas deberán cumprir os requisitos establecidos no Real decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o regulamento que establece as obrigas de facturación, e deberán estar emitidas, en todo caso, ata o 30 de novembro de 2026.

A xustificación do pagamento dos gastos obxecto das subvencións desta orde deberase acreditar a través de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto bancario de pagamento. Nestes documentos deberán quedar claramente identificadas a receptora e a emisora do pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo. Así mesmo, non se admitirán como xustificantes os obtidos a través da internet se non están validados pola entidade bancaria.

4. Sempre que coa solicitude quede acreditado o gasto realizado poderá realizarse o pagamento da axuda no momento da súa concesión, toda vez que as persoas e entidades beneficiarias aceptan a axuda mediante declaración no anexo de solicitude.

5. De non achegarse con anterioridade, a documentación xustificativa para o pagamento que se enumera nos parágrafos seguintes deberá presentarse no prazo establecido na resolución de concesión, ou, se é o caso, ata o 30 de novembro de 2026:



A) Documentación xustificativa xeral para todas as modalidades de axuda:

– Declaración complementaria da establecida no anexo I desta orde, do conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes ou doutros entes públicos ou, de ser o caso, de que non solicitou nin percibiu outras axudas e subvencións, así como unha declaración das axudas *de minimis* obtidas nos tres anos previos (anexo II).

– Foto do cartel informativo de acordo co modelo dispoñible en sede electrónica.

B) Documentación xustificativa específica:

a) Axuda para o inicio e posta en marcha da actividade:

I. Relación dos gastos e pagamentos realizados, indicando o importe de cada un, a suma total, a referencia e a descrición das facturas e demais documentos xustificativos, segundo o modelo do anexo III desta orde.

II. Facturas e demais documentos xustificativos do gasto realizado e documento bancario acreditativo do seu pagamento.

b) Subvención para a conciliación da vida persoal, laboral e familiar das persoas promotoras:

I. Relación dos gastos e pagamentos realizados, indicando o importe de cada un, a suma total, a referencia e a descrición das facturas e demais documentos xustificativos segundo o modelo anexo III desta orde.

II. Documentación xustificativa da realización dos gastos imputados á subvención, mediante facturas e/ou recibos de haberes e documentos bancarios acreditativos do seu efectivo pagamento.

c) Subvención ao apoio á función xerencial:

I. Relación dos gastos e pagamentos realizados, indicando o importe de cada un, a suma total, a referencia e a descrición das facturas e demais documentos xustificativos, cun breve resumo da actuación de apoio desenvolvida, o período de execución e o número de horas dedicadas, segundo o modelo anexo III desta orde.



II. Facturas ou outros documentos acreditativos dos servizos prestados pola empresa, entidade ou persoa física, e documentos bancarios acreditativos do pagamento.

6. Cando concorran varias modalidades de axudas, só será necesario presentar unha vez a documentación coincidente tanto na fase de solicitude coma na de xustificación do pagamento.

7. Non poderá realizarse o pagamento da subvención mentres a persoa ou entidade beneficiaria non figure ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias, estatais e autonómicas, e fronte á Seguridade Social ou teña algunha débeda por calquera concepto pendente de pagamento coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedor en virtude de resolución declarativa de procedencia de reintegro.

Artigo 25. Obrigas das persoas e entidades beneficiarias

1. Son obrigas das persoas ou entidades beneficiarias das axudas e subvencións:

a) Realizar a actividade empresarial que fundamente a concesión da axuda ou subvención durante un tempo mínimo de tres anos, salvo cesamento por causas aleanas a súa vontade, o que deberán acreditar de maneira que faga fe.

b) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión da subvención.

c) Someterse ás actuacións de comprobación, que efectuará a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación ou control financeiro, que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o que se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicarlle ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidas polas persoas ou entidades beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

CVE-DOG: gp5ivdn9-bb80-xsi1-o2q4-s43xji0e5d52



e) Estar ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.

f) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á persoa ou entidade beneficiaria en cada caso, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das actuacións de comprobación e control. Os gastos subvencionados deberán poder identificarse na súa documentación contable de forma separada.

Agás aquelas persoas ou entidades beneficiarias que pola normativa vixente estean exentas da obriga de levar unha contabilidade, as persoas ou entidades beneficiarias teñen a obriga de acreditar que levan unha contabilidade separada ou un código contable axeitado para os gastos obxecto de subvención.

g) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

h) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

i) Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

j) Facilitar cantos datos resulten necesarios para a valoración do instrumento no marco da avaliación da RIS3 de Galicia 2021-2027 ou doutros mecanismos relacionados coa medición da I+D+i, entre outros, as enquisas do INE. Tendo en conta que a localización do proxecto ten que ser Galicia, os datos asignados aos citados instrumentos de avaliación deberán estar consignados á Comunidade Autónoma de Galicia.

k) Adoptar as medidas axeitadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, con fondos recibidos do Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE), dando publicidade á axuda concedida na páxina de inicio da web da empresa ou noutro sitio visible accesible desde a páxina de inicio, no caso de dispoñer dela, e colocar e manter durante un



mínimo de 36 meses, un cartel, en cor e formato A3, nun lugar visible do lugar de traballo segundo o modelo que consta na sede electrónica da Xunta de Galicia.

2. As empresas beneficiarias das subvencións previstas no artigo 8, cando no período de trinta e seis meses desde a data da incorporación á empresa se produza o cesamento dalgunha persoa traballadora pola que se concedeu a subvención, están obrigadas, no prazo de dous meses, a cubrir a vacante cun tempo de dedicación igual ou superior ao anterior, o que deberá serlle comunicado ao órgano que concedeu a axuda, debendo a nova persoa traballadora pertencer a algún dos colectivos de persoas beneficiarias deste programa polos que se poida conceder unha subvención por importe igual ou superior ao da persoa que causase baixa e cumprir as demais condicións impostas nesta orde para poder ser contratada. Esta nova incorporación non dará lugar, en ningún caso, a unha nova axuda.

No suposto de que, durante o período subvencionable, se produza unha suspensión do contrato de traballo por un período máximo de 6 meses, esta dará lugar á suspensión do computo do período de mantemento do emprego previsto, retomándoo desde a data de restitución da xornada completa ata completar o período de 36 meses.

No suposto de que a suspensión se produza por un período superior a seis meses, será de aplicación o suposto de reintegro parcial establecido no artigo 26.3.2). No suposto de que, durante o período subvencionable, se produza unha redución de xornada como consecuencia dos supostos previstos nos apartados 6 e 8 do artigo 37 do texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores que impliquen redución proporcional do salario, a redución de xornada dará lugar á suspensión do computo do período de mantemento do emprego previsto neste artigo, retomándose desde a data de restitución da xornada completa ata completar o período de 36 meses.

Artigo 26. *Perda do dereito ao cobramento da subvención e reintegro*

1. Procederá a perda do dereito ao cobramento da subvención e axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no procedemento desta orde.

2. A obriga de reintegro establecida no parágrafo anterior enténdese sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.



3. Procederá o reintegro das axudas cando se produza algunha das seguintes circunstancias:

3.1. Cando a empresa beneficiaria incumpra a obriga establecida no artigo 25.2 por cada contratación subvencionada e non substituída, procederá o reintegro da totalidade da axuda concedida pola persoa traballadora de que se trate.

3.2. Cando a substitución se realice transcorrido o prazo establecido no artigo 25.2 entenderase que se produce un incumprimento parcial. Neste caso, a contía para reintegrar calcularase do seguinte xeito:

a) Divídese entre trinta e seis o importe concedido pola persoa traballadora substituída.

b) Calcúlase o número de meses que o posto estivo vacante, computándose, para estes efectos, o prazo que concede a orde para proceder á substitución. Así mesmo, o mes no que se leve a cabo a substitución, considerarase como mes de incumprimento, sexa cal sexa o día do dito mes en que aquela se realice.

c) Multiplícase o importe obtido na letra a) polo número de meses en que o posto de traballo estivese vacante, conforme a letra b).

3.3. Cando á nova persoa traballadora substituta se lle poida conceder unha subvención por un importe inferior ao da persoa substituída, procederá o reintegro parcial da axuda concedida pola diferenza entre a cantidade percibida e a cantidade que correspondería á nova contratación.

4. Cando a empresa beneficiaria incumpra a obriga establecida no artigo 25.1.d) procederá o reintegro da axuda concedida pola persoa traballadora de que se trate.

– Para o caso de subvencións incompatibles con outras axudas:

Reintegro 10 % polo incumprimento da obriga de comunicar ao órgano concedente a solicitude doutras axudas.

Reintegro 100 % polo incumprimento da obriga de comunicar ao órgano concedente a obtención doutras axudas, máis xuros de demora e sen prexuízo das sancións que puidesen corresponder.



– Para o caso de subvencións compatibles:

Reintegro 5 % polo incumprimento da obriga de comunicar ao órgano concedente a solicitude doutras axudas.

Reintegro do exceso percibido máis xuros de demora, sen prexuízo das sancións que puidesen corresponder polo incumprimento da obriga de comunicar ao órgano concedente a obtención doutras axudas.

5. Salvo que se acrediten causas alleas á vontade da persoa beneficiaria, no caso de incumprimento respecto da obriga de manter a actividade empresarial durante tres anos, e sempre que o cumprimento se aproxime de forma significativa ao cumprimento total, entendendo como tal o ter mantido a actividade como mínimo vinte e catro meses e acredite a persoa ou entidade beneficiaria unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos seus compromisos, procederá o reintegro parcial das subvencións percibidas de forma proporcional ao tempo que reste para o cumprimento dos tres anos.

Artigo 27. Devolución voluntaria da subvención

De acordo co establecido no artigo 64 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as persoas ou entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta de Abanca ES82 2080 0300 87 3110063172, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

En todo caso, a persoa ou entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, en que conste a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e denominación da subvención concedida.

Artigo 28. Publicidade

As subvencións outorgadas ao abeiro desta orde figurarán no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios. En todo caso, a presentación da solicitude implica que a persoa solicitante consente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no dito rexistro, feito que terá lugar, agás nos casos legalmente establecidos, de acordo co regulado no artigo 16.1 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CVE-DOG: gp5ivdn9-bb80-xsi1-o2q4-s43xj10e5d52



Non obstante, a persoa solicitante poderá solicitar a non publicación dos seus datos cando concorra algunha das causas previstas no artigo 15.2.d) da lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 29. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da referida Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no seu artigo 3.1 a que se encontren vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por parte daquela das obrigas previstas no título I da citada lei.

Artigo 30. *Axudas concedidas baixo as condicións do réxime de minimis*

Estas axudas ampáranse, segundo o sector a que pertencen as persoas empregadoras e empresas beneficiarias e o ámbito da súa actividade, no Regulamento (UE) 2023/2831 da Comisión, do 13 de decembro de 2023, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE 15.12.2023, L2023/81820), no Regulamento (UE) nº 1408/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector agrícola (DOUE 24.12.2013, L352/9), e no Regulamento (UE) nº 717/2014 da Comisión, do 27 de xuño de 2014, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* no sector da pesca e da acuicultura (DOUE 28.6.2014, L190/45).

A aplicación do réxime *de minimis* implica que non se poderán superar os seguintes límites máximos.

a) A axuda total *de minimis* concedida a unha empresa determinada, en virtude da aplicación do artigo 3.2 do Regulamento (UE) 2023/2831, non pode ser superior a 300.000 € durante o período dos tres anos previos.



b) A axuda total *de minimis* concedida a unha empresa determinada, en virtude da aplicación do artigo 3.2 do Regulamento (UE) nº 1408/2013 da Comisión, non pode ser superior a 50.000 € durante o período dos tres anos previos.

c) A axuda total *de minimis* concedida a unha empresa determinada, en virtude da aplicación do artigo 3.2 do Regulamento (UE) nº 717/2014, non pode ser superior a 40.000 € durante calquera período de tres exercicios fiscais.

Estes límites máximos aplícanse a todo o conxunto de axudas recibidas en concepto *de minimis* pola empresa, independentemente da forma en que se outorguen ou do obxectivo perseguido.

Para o cómputo dos límites deste réxime de axudas terase en conta o concepto de «única empresa» establecido no artigo 2.2 do Regulamento (UE) nº 2023/2831.

Artigo 31. *Seguimento e control*

1. Sen prexuízo das facultades que teñen atribuídas outros órganos da Administración do Estado ou da Comunidade Autónoma, a Consellería de Emprego, Comercio e Emigración levará a cabo funcións de control, así como de avaliación e seguimento dos programas.

2. A Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración poderá comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados. Para estes efectos, a persoa beneficiaria deberá cumprir as obrigas de comprobación que se establezan nesta orde e na resolución de concesión.

3. Para realizar estas funcións poderanse utilizar cantos medios propios como alleos estean ao dispor da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, para comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación.

Artigo 32. *Comunicación de feitos constitutivos de fraude*

Calquera persoa que teña coñecemento de feitos que puidesen ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación con proxectos ou operacións financiados no marco da presente convocatoria poderá poñer os ditos feitos en coñecemento da Xunta de Galicia, a través da Canle de denuncias da Xunta de Galicia, de comuni-



cación de información en materia de integridade institucional, dispoñible na seguinte ligazón: <https://transparencia.xunta.gal/canle-de-denuncias>

Disposición adicional primeira. *Delegación de competencias*

Apróbase a delegación de competencias da persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, na persoa titular da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais, para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas nesta orde, así como para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, e para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polas persoas ou entidades beneficiarias, respecto das resolucións concesorias de que derivan, ditadas por delegación da persoa titular da consellería.

Disposición adicional segunda. *Comunicación á Base de datos nacional de subvencións*

De conformidade co previsto no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitirase a información necesaria á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento*

Facúltase a persoa titular da Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións, instrucións e aclaracións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2025

José González Vázquez
Conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración



XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN

ANEXO I

PROCEDEMENTO	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO	DOCUMENTO
INCENTIVOS ÁS EMPRESAS CUALIFICADAS COMO INICIATIVAS DE EMPREGO DE BASE TECNOLÓXICA-IEBT	TR340E	SOLICITUDE

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE							
IDENTIFICACIÓN							
TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR					
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO			
ENDEREZO							
PAÍS							
ESPAÑA							
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
PARROQUIA		LUGAR					
CONTACTO							
PREFIXO	TELÉFONO MÓBIL	PREFIXO	OUTRO TELÉFONO				
CORREO ELECTRÓNICO							

DENOMINACIÓN DA IEBT			
FORMA XURÍDICA	Nº DE REXISTRO IEBT	Nº DE INSCRICIÓN NA S.S.	CNAE
ACTIVIDADE ECONÓMICA (DESCRIPCIÓN)		DATA DE CONSTITUCIÓN	DATA DE INICIO DA ACTIVIDADE
CÓDIGO NACE			
Nº DE CENTROS DE TRABALLO		Nº DE TRABALLADORES/AS DA EMPRESA	

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)		
IDENTIFICACIÓN		
TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
NOME/RAZÓN SOCIAL		SEGUNDO APELIDO



XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓNANEXO I
(continuación)

DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

Todas as notificacións ás persoas interesadas se realizarán só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal <https://notifica.xunta.gal>

Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365.

Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación no correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:

PREFIXO

TELÉFONO MÓBIL

CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS

☒ Formato IBAN☐ Formato BIC

Declaro, baixo a miña responsabilidade, que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.

TITULAR DA CONTA

NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)

IBAN

XUNTA
DE GALICIA



ANEXO I
(continuación)

TIPOS DE AXUDAS POLAS CALES SOLICITA A SUBVENCIÓN

☐ A. CONTRATACIÓN INDEFINIDA

Nº ORDE	NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF	DATA NACEMENTO	SEXO	CTR. TRABALLO (concello)	TIPO DE CONTRATO	DATA CONTRATO	% XORNADA	CUSTO SALARIAL TOTAL ANUAL	COLECTIVO DA AXUDA	CONTÍA BASE	INCREMENTOS ACUMULABLES(1)					IMPORTE INCREMENTOS	CONTÍA INCENTIVOS CONTRATACIÓN	SOCIEDADE LABORAL OU COOPERATIVA	IMPORTE SLAB/COOP	TOTAL	
														a	b	c	d	e						
														☐	☐	☐	☐	☐						
													AXUDA SOLICITADA NA MODALIDADE DE CREACIÓN DE POSTOS											
(1) Incrementos: artigos 8.5.a), b), c), d), e)																								

☐ B. INICIO E POSTA EN MARCHA DA ACTIVIDADE

RELACIÓN DE FACTURAS OU OUTROS DOCUMENTOS

Nº ORDE	TIPO DE DOCUMENTO	PROVEDOR	CONCEPTO/DESCRICIÓN	NÚMERO/ REFERENCIA	DATA EMISIÓN	DATA PAGAMENTO	IMPORTE (sen IVE)
TOTAL GASTOS DE INICIO E POSTA EN MARCHA DA ACTIVIDADE (SEN IVE)							
Nº DE POSTOS DE TRABALLO ESTABLES CREADOS E SUBVENCIONADOS(*)							
CONTÍA MÁXIMA DA MODALIDADE DE INICIO E POSTA EN MARCHA SEGUNDO O NÚMERO DE POSTOS CREADOS							
A solicitante é unha cooperativa ou sociedade laboral?							☐ SI ☐ NON
AXUDA SOLICITADA NA MODALIDADE DE INICIO E POSTA EN MARCHA							
(*) O NÚMERO DE POSTOS DEBERÁ COINCIDIR COS SINALADOS NA ALÍNEA A.CONTRATACIÓN INDEFINIDA INICIAL. DE NON SER ASÍ, CÓMPRE INDICAR:							
Nº POSTOS SUBVENCIONADOS POR OUTRAS AXUDAS		TIPO DE AXUDA/CÓDIGO PROCEDEMENTO		ÓRGANO CONCEDENTE			IMPORTE AXUDA

☐ C. CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL LABORAL E FAMILIAR

RELACIÓN DE FACTURAS OU OUTROS DOCUMENTOS

Nº ORDE	TIPO DE DOCUMENTO	PROVEDOR	CONCEPTO/DESCRICIÓN	NÚMERO/ REFERENCIA	DATA EMISIÓN	DATA PAGAMENTO	IMPORTE (sen IVE)
TOTAL GASTOS DE CONCILIACIÓN (SEN IVE)							
75 % DO GASTO							
TIPO DE CONCILIACIÓN		CONTÍA MÁXIMA POR TIPO DE CONCILIACIÓN		CONTÍA MÁXIMA DA MODALIDADE DE CONCILIACIÓN			
				AXUDA SOLICITADA NA MODALIDADE DE CONCILIACIÓN			



ANEXO I
(continuación)

☐ D. APOIO Á FUNCIÓN XERENCIAL

RELACIÓN DE FACTURAS OU OUTROS DOCUMENTOS

Nº ORDE	TIPO DE DOCUMENTO	PROVEDOR	CONCEPTO/DESCRICIÓN	NÚMERO / REFERENCIA	DATA EMISIÓN	DATA PAGAMENTO	IMPORTE (sen IVE)
TOTAL GASTOS DE APOIO Á FUNCIÓN XERENCIAL (SEN IVE)							
TIPO DE APOIO Á FUNCIÓN XERENCIAL		CONTÍA MÁXIMA POR TIPO DE APOIO		75 % DO GASTO			
				CONTÍA MÁXIMA DA AXUDA POR APOIO Á FUNCIÓN XERENCIAL			
				A solicitante é unha cooperativa ou sociedade laboral?			☐ SI ☐ NON
AXUDA SOLICITADA NA MODALIDADE DE APOIO Á FUNCIÓN XERENCIAL							

BREVE DESCRICIÓN DE CADA UNHA DAS MEDIDAS DE APOIO SOLICITADAS

BREVE EXPLICACIÓN DA SÚA NECESIDADE

NO CASO DE TER FINALIZADO O SERVIZO, HAI QUE INDICAR AS HORAS DEDICADAS E O CALENDARIO DE EXECUCIÓN DE CADA UNHA DAS MEDIDAS DE APOIO

TOTALIDADE DA AXUDA SOLICITADA POR IEBT

AUTORIZACIÓN

Autorizo que se me remita información doutros programas ou futuras accións promovidas pola Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais.

☐ SI ☐ NON

XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓNANEXO I
(continuación)

A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:

1. Que, coa presente solicitude acepta a axuda que se lle conceda.
2. Que, para a mesma actividade ou proxecto, esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a seguir:

AXUDA		ANO	ORGANISMO	IMPORTE (€)	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA
Solicitada	Concedida					
☐	☐					
☐	☐					
☐	☐					
☐	☐					
☐	☐					
☐	☐					

3. Que esta entidade ten concedidas en réxime *de minimis* (regulamentos (CE) nº 2023/2831, 717/2014 e 1408/2013, nos tres anos previos, as seguintes axudas:

ANO	ORGANISMO	IMPORTE (€)	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, o/a solicitante comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña, para a mesma actuación doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

4. Relación de persoas traballadoras contratadas:

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF	AUTORIZA A COMPROBACIÓN DE DATOS De non autorizar a consulta, deberá achegar os documentos correspondentes segundo o anexo IV
				☐ SI ☐ NON

- 4.1. Que dispón dos documentos asinados pola persoa ou persoas contratadas relacionadas na táboa anterior, en que autorizan ou se opoñen á comprobación dos seus datos, conforme o modelo do anexo IV, documentos que poden ser requiridos pola Administración en calquera momento.
- 4.2. Que as persoas traballadoras cuxos contratos laborais son obxecto de subvención ao abeiro desta orde, relacionadas na táboa anterior, están informadas dos seguintes aspectos:
 - Da comunicación dos datos á Administración para o seu tratamento no ámbito das competencias e de acordo cos fins do procedemento administrativo.
 - Da posibilidade de que a Administración realice as consultas precisas para comprobar, entre outros aspectos, a súa veracidade.
 - Do dereito de oposición que as asiste a que a Administración trate os seus datos, suposto en que lle deberá comunicar a súa oposición á Administración para os efectos oportunos.
5. Que cumpre todos os requisitos necesarios para a concesión e o pagamento destas axudas e que, no caso de ser beneficiaria das axudas, as aplicará aos gastos subvencionables.
6. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
7. Non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
8. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
9. Que non incorre en ningunha das incompatibilidades sinaladas no artigo 12 e non concorre ningunha das causas de exclusión sinaladas no artigo 13 da orde de convocatoria, non concorre ningunha das circunstancias previstas no número 2 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e reúne as condicións para ser beneficiaria de acordo co establecido no artigo 35 da orde de convocatoria.
10. Que non foi excluída do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme o establecido no artigo 46.2 do texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.
11. No caso das persoas empregadoras ou empresas, que cumpren os prazos de pagamento previstos na Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, para subvencións de importe superior a 30.000 euros, cando os solicitantes sexan unicamente suxeitos incluídos no ámbito de aplicación da citada Lei 3/2004.



XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓNANEXO I
(continuación)

DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE

1. Documentación xeral

	ÓRGANO	CÓD. PROC.	ANO
☐ Poder suficiente da persoa representante e asinante da solicitude para actuar en nome da persoa solicitante, no caso de actuar por medio de representante			
☐ Escritura de constitución e inscrición no Rexistro Mercantil ou, se é o caso, no Rexistro de Cooperativas, no caso de persoas xurídicas			

2. Documentación específica

Subvención á creación directa de emprego estable

- ☐ Documentación acreditativa da exclusión social ou discapacidade recoñecida fóra de Galicia da persoa traballadora contratada
- ☐ Documentos xustificativos do nacemento en Galicia da persoa solicitante e, ademais, no caso de alegar algunha relación de parentesco coa persoa nacida en Galicia, documentación que acredite o vínculo con esta, no caso de solicitar o incremento de persoa emigrante retornada
- ☐ Certificado de persoa emigrante retornada, expedido polas delegacións ou subdelegacións do Goberno, baixa consular ou calquera outra documentación que acredite fidedignamente a residencia no exterior e a data de retorno a España, no caso de solicitar o incremento de persoa emigrante retornada
- ☐ Documentación que xustifique ter obtido ante o Rexistro Civil a rectificación da mención relativa ao sexo, ou ben o cambio de nome para a asignación dun sexo diferente ao rexistrado ao nacer, no caso de solicitar o incremento por persoa trans
- ☐ No caso de que as persoas traballadoras se opoñan á comprobación de datos, documentos acreditativos das condicións necesarias para que o contrato sexa subvencionable

Axuda para o inicio e posta en marcha da actividade

- ☐ Facturas e, no caso de estaren efectivamente pagadas, o seu correspondente xustificante bancario de pagamento ou, na súa falta, facturas *pro forma* ou orzamentos expedidos polos provedores e acredores dos gastos necesarios para o inicio da actividade que se vaian ter en conta para o cálculo da contía da subvención

Axuda para a conciliación da vida persoal, laboral e familiar das persoas promotoras

- ☐ Libro de familia co nome das persoas titulares da familia e dos fillos e das fillas menores de 12 anos ou certificado do Rexistro Civil. Se é o caso, documentos acreditativos do carácter monoparental da familia
- ☐ No caso de axuda por coidado de maiores de 70 anos e/ou dependencia ou discapacidade, certificación da acreditación do grao de parentesco e acreditación do empadramento no mesmo enderezo
- ☐ Facturas e/ou recibos de haberes ou outros documentos acreditativos do gasto e, no caso de estaren efectivamente pagadas, o seu correspondente xustificante bancario de pagamento, das mensualidades xa aboadas na data da solicitude. Na súa falta, orzamentos, facturas *pro forma* ou outros documentos acreditativos do custo da mensualidade, da gardaría e/ou do centro especializado ou da persoa coidadora, que se vaian ter en conta para o cálculo da contía da subvención

Subvención de apoio á función xerencial

- ☐ Facturas, contratos ou outros documentos acreditativos da contratación das medidas de apoio, en que conste o seu importe, e o correspondente xustificante bancario do seu pagamento. Na súa falta, orzamento, factura *pro forma* ou outro documento acreditativo en que conste a previsión do custo que se terá en conta para o cálculo da subvención

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓNANEXO I
(continuación)

COMPROBACIÓN DE DATOS

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

DNI/NIE da persoa solicitante	☐
DNI/NIE da persoa representante	☐
Certificación de estar ao día nas súas obrigas coa Seguridade Social	☐
Certificación de estar ao día nas súas obrigas coa Administración tributaria de Galicia	☐
Consulta de todos os códigos conta de cotización	☐
Consulta de axudas e subvencións <i>de minimis</i> ampliado	☐
Consulta de concesións ampliado	☐
Consulta de axudas do Estado	☐
Consulta de inhabilitación para obter subvencións	☐

CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS

A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.

NIF da entidade solicitante	☐ SI ☐ NON
NIF da entidade representante	☐ SI ☐ NON
Alta no imposto de actividades económicas	☐ SI ☐ NON
Certificación de estar ao día nas súas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria	☐ SI ☐ NON

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, se é o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

LEXISLACIÓN APLICABLE

Orde do 30 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras do Programa de incentivos ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT), e se procede á súa convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento TR340E).

SIGNATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de 

Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN

ANEXO II

DECLARACIÓN EXPRESA DOUTRAS AXUDAS EN RÉXIME DE MINIMIS

TR340E - AXUDAS E SUBVENCIÓNS ÁS INICIATIVAS DE EMPREGO DE BASE TECNOLÓXICA

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN

TIPO

NÚM.

PAÍS EMISOR

NOME/RAZÓN SOCIAL

PRIMEIRO APELIDO

SEGUNDO APELIDO

DECLARA:

a) Que, para a mesma actividade ou proxecto, esta entidade solicitou e/ou obtivo as axudas que se relacionan a seguir:

AXUDAS		ANO	ORGANISMO	IMPORTE (€)	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA
Solicitada	Concedida					
☐	☐					
☐	☐					
☐	☐					
☐	☐					
☐	☐					
☐	☐					

b) Que esta entidade ten concedidas en réxime de minimis (regulamentos (CE) nº 2023/2831, 717/2014 e 1408/2013, nos tres anos previos, as axudas seguintes:

ANO	ORGANISMO	IMPORTE (€)	TIPO DE AXUDA	DISPOSICIÓN REGULADORA

Así mesmo, a persoa declarante ou representante comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite ou obteña, para a mesma actuación, doutras administracións públicas ou doutros entes públicos o privados, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de 

Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

XUNTA
DE GALICIACONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN

ANEXO III

RELACIÓN DE FACTURAS E OUTROS DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS DA AXUDA CONCEDIDA

TR340E - AXUDAS E SUBVENCIÓNS ÁS INICIATIVAS DE EMPREGO DE BASE TECNOLÓXICA

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)

IDENTIFICACIÓN

TIPO	NÚM.	PAÍS EMISOR
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO

MODALIDADE DA AXUDA QUE SE XUSTIFICA:

☐ B. INICIO E POSTA EN MARCHA DA ACTIVIDADE

Nº ORDE	TIPO DE DOCUMENTO	PROVEDOR	CONCEPTO/DESCRICIÓN	NÚMERO/REFERENCIA	DATA EMISIÓN	DATA PAGAMENTO	IMPORTE (sen IVE)	
TOTAL GASTOS DE INICIO E POSTA EN MARCHA DA ACTIVIDADE (SEN IVE)								

☐ C. CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, LABORAL E FAMILIAR

Nº ORDE	TIPO DE DOCUMENTO	PROVEDOR	CONCEPTO/DESCRICIÓN	NÚMERO/REFERENCIA	DATA EMISIÓN	DATA PAGAMENTO	IMPORTE (sen IVE)	
TOTAL GASTOS DE CONCILIACIÓN (SEN IVE)								

☐ D. APOIO Á FUNCIÓN XERENCIAL

Nº ORDE	TIPO DE DOCUMENTO	PROVEDOR	CONCEPTO/DESCRICIÓN	NÚMERO/REFERENCIA	DATA EMISIÓN	DATA PAGAMENTO	IMPORTE (sen IVE)	
TOTAL GASTOS DE APOIO Á FUNCIÓN XERENCIAL (SEN IVE)								

BREVE DESCRICIÓN DE CADA UNHA DAS MEDIDAS DE APOIO EXECUTADAS

HORAS DEDICADAS E PERÍODO DE EXECUCIÓN DE CADA MEDIDA DE APOIO EXECUTADA

NO CASO DE TER FINALIZADO O SERVIZO, INDÍQUESE

XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>

**XUNTA
DE GALICIA****CONSELLERÍA DE
EMPREGO, COMERCIO
E EMIGRACIÓN****ANEXO III**
(continuación)

Xúntanse a esta relación as facturas e/ou outros documentos xustificativos, enumerados e os seus correspondentes documentos bancarios acreditativos do pagamento, de acordo co número de orde asinado. Se non dispón de suficiente espazo, faga una relación en folia á parte.

Lémbrese que a xustificación do pagamento dos gastos obxecto destas subvencións deberá acreditarse a través de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto bancario de pagamento. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo. Así mesmo, non se admitirán como xustificantes os obtidos a través da internet se non están validados pola entidade bancaria.

SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE

Lugar e data

 , de de

Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais

CVE-DOG: gp5ivdn9-bb80-xsi1-o2q4-s43xji0e5d52

**XUNTA
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



AUTORIZACIÓN PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS DA PERSOA TRABALLADORA CONTRATADA
TR340E - INCENTIVOS ÁS EMPRESAS CUALIFICADAS COMO INICIATIVAS DE EMPREGO DE BASE TECNOLÓXICA

As persoas interesadas, mediante a súa sinatura, declaran ter sido informadas da incorporación dos seus datos persoais ao expediente en tramitación. No caso de menores de idade, este documento deberá ser asinado por un dos proxenitores, titor/a ou representante legal. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.

NOME E APELIDOS	NIF	MENOR DE IDADE	TITOR/A OU REPRESENTANTE LEGAL		COMPROBACIÓN DE DATOS		SINATURA
			NOME E APELIDOS	NIF	Os seguintes documentos serán obxecto de consulta ás administracións públicas	OPÓÑOME Á CONSULTA	
		☐			DNI/NIE Informe de períodos de inscrición no Servizo Público de Emprego de Galicia Informe de vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social Contrato laboral Titulación universitaria CIRCUNSTANCIAS QUE LLE SEXAN DE APLICACIÓN ☐ Certificado de discapacidade recoñecida pola Xunta de Galicia ☐ Datos de residencia con data da última variación do padrón ☐ Certificado de prestacións sociais públicas	☐ ☐ ☐ ☐ ☐ ☐ ☐ ☐ ☐ ☐	



INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigo 6.1, letras c) e e), do RXPDP, e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e as obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarias dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais

Lugar e data

, de de



Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais